



REGULAMENTO DO TFM DO MÁSTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE IDIOMAS DA USC

(Aprobado en Sesión ordinaria da Xunta de Facultade de 28 de junio de 2019)

Normativa aplicable

- Real Decreto 1027/2011, de 15 de julio, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.
- Orden ECI/3858/2007 de 27 de diciembre por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de las profesiones de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanzas de Idiomas.
- Memoria do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da USC, aprobada pola Comisión Redactora o 5 de febrero de 2009, e polo Consello de Goberno do 11 de febrero de 2009.
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016.
- Instrución da Secretaría Xeral nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre Revisión de traballos de Fin de Grao ou Máster.
- Normativa de avaliación e rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.
- Normativa do Repositorio da USC, aprobada polo Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011.

Artigo 1. Obxecto

Regular o proceso de realización e presentación dos Traballos de Fin de Máster (TFM) no título Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da USC.

Artigo 2. Natureza do TFM

A Orde ECI/3858/2007 que regula o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas indica que o TFM debe reflectir as competencias adquiridas no Máster e servir de compendio das ensinanzas que integran o seu plan de estudos.

Nun sentido similar, a Memoria do dito Máster na USC establece que o TFM consiste na elaboración e defensa dun traballo académico que sintetice o conxunto de competencias desenvolvidas no Mestrado.

En consecuencia, o TFM supón a realización por parte de cada estudante dun traballo orixinal, baixo a supervisión dun titor ou titora académico, no que se integren os contidos

formativos recibidos e as competencias adquiridas durante o Máster.

Este traballo será individual e pode adoptar calquera das seguintes modalidades:

- a) Unha proposta de ensinanza ou de intervención educativa que integre datos da práctica e tome como referencia os currículos das materias da especialidade ou algunha problemática da vida escolar, desenvolva algunha perspectiva innovadora e achegue reflexións sobre os resultados. En definitiva, que na súa planificación, desenvolvemento e avaliación ofrezca elementos de fundamentación, indagación e reflexión que non permitan confundila cunha programación didáctica.
- b) Un traballo de iniciación á investigación sobre algún aspecto da área ou do proceso educativo (análise dos currículos, estratexias de ensinanza, aprendizaxes dos estudantes, materiais e recursos didácticos, avaliación, atención á diversidade, contextualización social da educación, modelos pedagóxicos, tutoría, fracaso escolar, ensinanza de valores, etc.) que ofrezca unha análise documentada do tópico seleccionado e unha reflexión sobre o mesmo desde o punto de vista da práctica docente en Educación Secundaria. Esta modalidade b) pode ter un carácter de investigación documental ou de investigación de campo.

Artigo 3. Órgano encargado da xestión do TFM

A coordinación do TFM será asumida pola coordinación do Máster, sendo o órgano responsable da súa xestión a Comisión do Título, que ten as seguintes funcións:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación.
- Establecer o sistema de avaliación.
- Establecer a convocatoria anual.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas, dos temas e do procedemento de asignación.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais.
- Fixar as características (extensión, formato, contido mínimo...) e as modalidades dos TFM.
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema para a súa conformación.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves.

Artigo 4. Matrícula e convocatorias

A matrícula realizarase nos prazos establecidos pola USC.

Para a presentación e defensa pública do TFM será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do Máster.

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado. No caso de que o alumno/a non concorra a ningunha das oportunidades ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar nova matrícula. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e disporá de dúas oportunidades por curso.

No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo, non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. Do/a titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo

Os TFM realizaranse baixo a supervisión dun titor ou titora que asistirá ao estudiantado durante o proceso, orientándoo sobre as características do traballo e sobre a súa planificación e desenvolvemento. Antes da defensa do TFM deberá emitir un informe confidencial sobre o seu seguimento do traballo aos efectos de que se teña en conta por parte do tribunal avaliador.

O titor/a será ordinariamente PDI das áreas que imparten docencia no Máster. De forma excepcional e motivada, a Comisión do Título poderá nomear un cotitor/a. Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores/as o profesorado da USC en situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesorado doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados.

Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor do centro ou institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC

Os departamentos con docencia na titulación comunicarán cada curso académico ao centro o listado de titores e temas dos traballos.

A Comisión do Título, e na súa representación a coordinación do Máster, aprobará cada curso académico as liñas temáticas que poden ser abordadas nos TFM a partir da oferta presentada polo profesorado con docencia no Máster.

Posteriormente, a coordinación do Máster trasladará esta información ao alumnado para iniciar o proceso de asignación da persoa que vai titorizar cada traballo e para a escollo do tema.

Este proceso estará guiado por dous criterios: a) a procura da afinidade posible entre os intereses do/a estudante e a oferta de liñas temáticas existente, e b) a carga docente asignada a cada profesor/a na materia de TFM.

No prazo que se indique na Guía anual de TFM, o/a estudante deberá cubrir o "documento de inicio do traballo", asinado pola persoa titora, de acordo co modelo que se facilitará na dita Guía, e entregalo na Secretaría da Facultade.

Na Guía de TFM de cada curso daranse as instrucións necesarias sobre o procedemento e fixarase o calendario correspondente a cada fase do proceso.

Artigo 6. Avaliación

A avaliación dos traballos farase no centro responsable da titulación, a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal.

Os tribunais encargados da avaliación dos traballos estarán constituídos por tres membros titulares e, polo menos, un suplente, designados de entre o profesorado con docencia no Máster polo coordinador/a do título. Polo menos un dos membros do tribunal pertencerá a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas xerais dos traballos. A participación nos tribunais é obrigatoria, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

A cualificación publicarase nos taboleiros do centro, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Artigo 7. Modalidades de defensa do TFM

A defensa do TFM adoptará a modalidade de presentación pública diante do tribunal, e terá unha duración máxima de 40 minutos distribuídos da seguinte maneira: 15 minutos para a presentación do traballo, 15 minutos para consideracións e preguntas do tribunal e 10 minutos para respostas por parte do/da estudante.

Artigo 8. Entrega e defensa do TFM

Para a presentación do TFM o/a estudante deberao solicitar en instancia dirixida ao coordinador/a do Máster, que irá asinada por el/ela e polo seu titor/a. A solicitude irá acompañada dunha copia do traballo en formato electrónico (PDF) e do informe preceptivo de seguimento do/a titor/a, documentos que se depositarán na Secretaría da Facultade.

Cumprido o prazo de presentación de solicitudes, a coordinación do Máster fixará, dentro do calendario xeral establecido pola USC, as datas de defensa de cada traballo, o lugar e os tribunais correspondentes.

O/a estudante deberá entregar unha copia do traballo a cada membro do seu tribunal, como mínimo, 7 días naturais antes da data de defensa.

A defensa do TFM será realizada de xeito presencial no centro responsable da titulación. Para casos excepcionais, a Comisión do Título poderá autorizar a defensa telemática, fixando nese caso os requisitos que proceda.

A redacción e defensa do TFM poderase realizar en calquera das linguas oficiais de Galicia. Tamén se poderá facer en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do máster, que sempre que a temática o xustifique e se dispoña de profesorado con competencia suficiente na mesma.

Artigo 9. Avaliación, cualificación e revisión

A avaliación dos traballos realizarase atendendo aos seguintes criterios de carácter xeral:

- Presentación escrita (30%): corrección, coherencia e adecuación lingüística, rigor na utilización dos formalismos propios dun texto académico, fluidez narrativa, referencias bibliográficas e citas seguindo as características formais establecidas no apartado correspondente desta Guía.
- Contido (40%): relevancia, dificultade e orixinalidade da temática, profundidade e rigor no seu tratamento, na fundamentación teórica e na metodoloxía, claridade da estrutura, precisión das conclusións, relación coas competencias formativas do Máster e contribución á mellora da práctica docente, á calidade da educación e/ou ao coñecemento científico ou profesional no tópico tratado.
- Presentación e defensa oral (30%): claridade e rigor na presentación, uso de medios e tecnoloxías adecuados e capacidade de responder e argumentar na interacción co tribunal.

Nota.- No proceso de avaliación atenderase ás especificidades da área de coñecemento no que se desenvolva o TFM.

A cualificación será responsabilidade do tribunal, que terá en conta o informe preceptivo de seguimento do/a titor/a en modelo normalizado. A nota final obterase da media das outorgadas por cada membro do tribunal nunha escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal. As correspondencias cualitativas son:

Non presentado (NP)

0 - 4,9: Suspenso (SS)

5 - 6,9: Aprobado (AP)

7 - 8,9: Notable (NT)

9 - 10: Sobresaliente (SB)

Os tribunais poderán propoñer para a mención de “Matrícula de Honra” calquera TFM que obteña unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso curso académico e será decidida pola Comisión do Título a partir das propostas dos tribunais.

A cualificación, como se indicou no artigo 6, farase pública nos taboleiros de cualificacións do centro, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

O alumnado ten dereito á revisión da cualificación nas datas e lugares que, para tal efecto, se fixarán no momento de facer públicos os resultados provisorios. Ofreceranse dúas datas opcionais comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. A revisión será persoal e presencial, e poderá realizala un ou varios membros do tribunal.

O alumnado ten dereito á revisión da cualificación nas datas e lugares que, para tal efecto, se fixarán no momento de facer públicos os resultados provisorios. Ofreceranse dúas datas opcionais comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. A revisión será persoal e presencial, e poderá realizala un ou varios membros do tribunal.

Artigo 10. Xestión das actas

Elaborarase unha acta individual por estudante para cada oportunidade, na que constará o titor/a, o tribunal cualificador, o título do traballo, a cualificación e a data de defensa.

Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial.

Finalizado o período de defensa de TFM en cada curso académico xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final) que conterá a todo o alumnado matriculado na materia de TFM coas cualificacións correspondentes, os non presentados, e a partir dela poder poñer as mencións de “matrícula de honra”.

Artigo 11. Dereitos do alumnado

A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou. Unha copia electrónica en PDF dos traballos superados quedará depositada para o seu arquivo e consulta no Centro responsable do Máster. Estas copias poderán ser utilizadas na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores.

A Comisión do Título, a proposta dos tribunais, poderá propoñer a difusión dos TFM que destaquen pola súa calidade, e en especial aqueles que acaden a mención de “matrícula de honra”. Os/as autores dos traballos propostos, co visto e prace do titor ou titora, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (Minerva), no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está suxeito a restricións.

Artigo 12. Deberes do alumnado

Os TFM deberán ser orixinais e non poderán reproducir outros traballos sen citalos adecuadamente. O uso fraudulento de información implicará a cualificación de “suspense” na convocatoria correspondente, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que poida exixirse.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o regulamento dos Traballos Fin de Máster (TFM) do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (Aprobado polo Consello de Goberno da USC o 30 de xaneiro de 2014)

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no taboleiro electrónico da USC, unha vez aprobada polo Consello de Goberno da USC.

Visto o proxecto de REGULAMENTO DO TFM DO MASTER EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS DE IDIOMAS DA USC, esta Asesoría Xurídica o informa favorablemente (2º versión) para a súa aprobación polos órganos de goberno que corresponda.

Santiago de Compostela,

Asesoría Xurídica

Asdo: M^a del Carmen Soengas Seoane

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN SOENGAS SEOANE, NIF 33267242L, 21/06/2019 13:49:22.

CSV: EB7E-5872-4B91-B6D3

Documento asinado dixitalmente e accesible en/Documento firmado digitalmente y accesible en/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/EB7E-5872-4B91-B6D3>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: EB7E-5872-4B91-B6D3

2 / 2

Documento asinado dixitalmente e accesible en/Documento firmado digitalmente y accesible en/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/EC35-847E-4E7B-A88C>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: EC35-847E-4E7B-A88C

9 / 10

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/07/2019 16:56:08.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/07/2019 12:49:22.

CSV: EC35-847E-4E7B-A88C